

4º Domingo do tempo Ordinario

Febreiro 2020

Deixemos que a Luz nos indique, que non impoña, o camiño polo que ir dando pasos

Cantos.-

Entrada.- **Que ledicia miña (4)**
Lecturas.- **Benaventurados (119)**
Ofertorio.- **Ti e-lo pan do ceo (54)**
Comuñón.- **Acharte presente (51)**

Mirada integradora

En tempos de tantas palabras baleiradas de contido a forza de repetilas, tentamos hoxe non caer nesa actitude que tantos seguidores ten hoxe en día.

Constantemente dicimos que Xesús é a nosa Luz, que debemos deixar que ela nos vai mostrando o camiño, que seguir o seu relampo evitará que nos perdamos, que... e todo iso é verdade; pero é unha verdade que se ha mostrar e concretar no actuar, na nosa maneira de tomar as decisións sobre o que queremos, buscamos ou nos propomos na vida; á luz non nos quita, tampouco non impón o camiño, simplemente o alumea por se queremos ir por el.

A isto é ao que nos invita a celebración de hoxe, non a deixarnos absorber ou cegar pola forza da luz, senón a permitir que a luz vaia iluminando o camiño polo que nós, libremente e sen presións, queremos andar cada día da nosa vida.



Corazón misericordioso

- Porque as gafas da indiferenza non nos deixan ver a luz para comprometernos en construír e non en criticar. **Que a túa luz, Señor, siga iluminándonos.**
- Porque os silencios interesados nos levan a calar ante a dor e a inxustiza de quen vive na soidade. **Que a túa luz, Cristo, siga iluminándonos.**

- Porque as nosas comodidades nos impiden ver todo canto os demais esperanza de nós. **Que a túa luz, Señor, siga iluminándonos.**

Palabra enraizada

- Os profetas tiñan como tarefa fundamental do seu servizo ao pobo manter viva e presente a esperanza desde a fidelidade á Alianza. Sofonías, na primeira lectura que temos proclamado hoxe propón que o camiño para vivir nesta fidelidade non ha ser outro máis que o da busca constante e permanente, sen caer na comodidade das zonas de conforto. Ante a tentación do pobo de deixarse ir, de creerse xa elixido, de considerarse o preferido/elixido de Deus, e polo tanto, sen máis preocupación que non esquecerlo. O profeta lémbbralles que a súa ha ser unha actitude en permanente busca, que de nada valen as miradas ao pasado, nin os retrousos, tantas veces repetidos, de que son pobo elixido e polo tanto preferidos de Deus. Diante desta tentación , na que tantas veces caeran, e que lles supuxera exilio, invasión, frustración e ser pobo sometido, o profeta insístelles que a súa ha ser unha actitude activa e permanente por descubrir a presenza de Deus desde o servizo ás persoas empobrecidas, na tripla resposta na que concretar esa busca: a **xustiza**, a **humildade** e o **compromiso**. Que actualidade teñen estas palabras tamén para nós hoxe! En tempos de tanta perda de referentes e desorientación, tamén somos invitad@s a descubrir a presenza de Deus non na repetición de ritos baleiros, senón no compromiso cos empobrecid@s do noso tempo – tantos e cada vez en realidades diferentes – do noso tempo. Un compromiso que ha ir acompañado da denuncia de toda inxustiza e nun actuar que responda a iso mesmo que se denuncia nos outr@s; e facéndoo desde a capacidade de non crernos únicos nin mellores, senón tendo a humildade como actitude que nos faga escoitar, compartir, propoñer e tamén acoller o que outr@s xa están a facer e ao que nós podemos unirnos e traballar conxuntamente. E deste xeito, seremos, cribles, non polo que dicimos senón polo que facemos, co convencemento de que toda man que se tenda e todo paso que se acompañe ha ser para que alumee a dignidade das persoas, de tódalas persoas.
- E aí descubriremos a verdadeira dita. A dita que xermola desde corazón e non se queda en palabras , que tantas veces engaiolan, pero que non transforman nin comprometen o noso xeito de facer as cousas. E a isto, como tamén lles dicía Paulo aos Corintios, somos chamad@s. Fagamos logo as cousas con sinxeleza pero con actitude de servir e dialogar . Sen imposicións nin busca de privilexios. Pois é na sinxeleza onde atopamos o sentido pleno para facer canto supoña construír liberación de persoas e institucións, sen caer na tentación de obter

prebendas, honores ou recoñecementos que endurecen os nosos corazóns, lévannos a caer na arrogancia e esquecen que o testemuño de Xesús ha ser o guieiro que nos mova, e non a vaidade.

- E deste xeito entenderemos por que as benaventuranzas son proposta de vida; non discurso para enmarcar de xeito rechamante. E como nos dicía o mércores pasado o papa Francisco, deberíamos aprendelas de memoria para así poder interiorizalas e poñelas en practica, xa que seguilo a El, no ha ser outra cousas máis que traballar por un modelo de vida e sociedade que non cala ante a inxustizas nin se aleda buscando enfrontamento con quen non ten, a mesma visión da vida e do mundo , ca nós. Os tempos da cristiandade e do confesionalismo de prebendas xa quedaron moi atrás. Inda que algúns sentan nostalxia e pretendan revivilo. Non nos deixemos engaiolar polos falsos profetas do perfeccionismo ortodoxo – que non deixan de ser o equivalente hoxe dos profetas de calamidades, que en tempos do Concilio, denunciara Xoán XXIII –, que só saben recitar a letra das cousas, pero son incapaces, porque iso supón implicar a súa vida, de poñerlle música que faga posible que traballemos pola benaventuranza. Inda que nos persigan, aldraxen ou calumnien por defendera dignidade das persoas. Pis esta é como hoxe se concreta a causa de Xesús.

Oración compartida

Recemos compartindo e poñendo palabra e corazón na nosa oración comunitaria e dicindo: **Grazas por facernos benaventurad@s.**

- Pola Igrexa, para que traballemos sen desconfianzas nin medos, por todas causas que poñen á persoa no centro para dignificala sempre. Oremos. **Grazas por facernos benaventurad@s.**
- Polas nosas comunidades cristiás, para que non nos limitemos a dar golpes de peito nos templos, e a ser indiferentes ante a dor das persoas nas rúas. Oremos. **Grazas por facernos benaventurad@s.**
- Para que cada un/ha de nós, fagamos o esforzoo de mirar a nosa vida desde as benaventuranzas que Xesús nos ofrece como programa de vida e compromiso na busca dunha sociedade máis xusta, igualitaria e fraterna. Oremos. **Grazas por facernos benaventurad@s.**

Acompaña, Señor, o noso compromiso por traballar por un mundo humanizado, solidario e cheo de esperanza. Por Cristo o noso Señor. Amén.

Silencio agradecido

O Evanxeo dinos que Xesús, ao ver o xentío que o seguía, subiu ao monte e sentou, e dirixíndose aos seus discípulos, proclamou as Benaventuranzas. A mensaxe estaba dirixida aos discípulos, pero tamén á xente; é dicir, a toda a humanidade. Ademais, o monte onde predica Xesús, lémbra-nos ao Sinaí, onde Deus ditou a Moisés os Díz mandamentos. Agora, coas benaventuranzas, Xesús danos os “**novos mandamentos**”, que non son normas, senón o camiño da felicidade que El nos propón.

(Francisco, 30- 1 - 2020)